

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FACENDA

**18613** *Real decreto 748/2019, do 27 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 636/2014, do 25 de xullo, polo que se crea a central de información económico-financeira das administracións públicas e se regula a remisión de información por parte do Banco de España e das entidades financeiras ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.*

O artigo 6 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, establece o principio de transparencia e dispón a obriga das administracións públicas de subministraren toda a información necesaria para o cumprimento das disposicións da citada lei, así como das normas e dos acordos que se adopten no seu desenvolvemento.

Este principio de transparencia desenvólvese no capítulo V da citada lei orgánica ao establecer no artigo 27 que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas poderá publicar información económico-financeira das administracións públicas co alcance, metodoloxía e periodicidade que se determine conforme os acordos e normas nacionais e as disposicións comunitarias.

Para completar o desenvolvemento do principio de transparencia, dispónse no artigo 28 da Lei orgánica 2/2012 que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas manterá unha central de información, de carácter público, que provexa de información sobre a actividade económico-financeira das distintas administracións públicas, e que a dita central se nutrirá coa información que remitan as administracións públicas, os bancos, caixas de aforros e demais entidades financeiras, así como coa información que provexa o Banco de España en relación co endebedamento das comunidades autónomas e corporacións locais.

En cumprimento deste mandato legal apróbase, mediante o Real decreto 636/2014, do 25 de xullo, a creación da central de información económico-financeira das administracións públicas e regúlase a remisión de información polo Banco de España e as entidades financeiras ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Este real decreto modifica o Real decreto 636/2014 establecendo, en coherencia co previsto no Real decreto 1113/2018, do 7 de setembro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Facenda, que a central de información económico-financeira das administracións públicas realizará a publicación da información económico-financeira que afecta as administracións públicas a partir da información que lles subministren os centros, sen prexuízo da difusión institucional que realicen estes. Así mesmo, dispónse que calquera modificación, corrección ou actualización da información publicada será remitida, de forma inmediata, polos centros responsables para a súa publicación garantindo a actualización continua da información dispoñible na central. Ademais, especificase que, no caso das estatísticas incorporadas ao programa estatístico europeo, estas funcións da central se realizarán respectando as obrigas que lles corresponde exercer ás autoridades estatísticas. Este conxunto de melloras incrementará a transparencia, facilitando aos usuarios unha xestión homoxénea, completa e actualizada das buscas das diferentes materias de información económico-financeira das administracións públicas en formatos accesibles e reutilizables, acurtando os tempos de busca, aumentando a seguridade e a confianza nela.

Este real decreto axústase aos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, en canto que esta persegue un interese xeral ao pretender incrementar a eficiencia e a transparencia no funcionamento das administracións públicas,

non existe ningunha alternativa regulatoria menos restritiva de dereitos, resulta coherente co ordenamento xurídico, non introduce novas cargas administrativas e permite unha xestión máis eficiente dos recursos públicos. Do mesmo xeito, durante o procedemento de elaboración da norma someteuse o proxecto ao trámite de información pública e quedan xustificadas no preámbulo os obxectivos que persegue este real decreto.

Este real decreto dítase en exercicio da habilitación legal contida no artigo 28 e na disposición derradeira segunda, número 1, da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Facenda, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de decembro de 2019,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 636/2014, do 25 de xullo, polo que se crea a central de información económico-financeira das administracións públicas e se regula a remisión de información polo Banco de España e as entidades financeiras ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.*

O Real decreto 636/2014, do 25 de xullo, polo que se crea a central de información económico-financeira das administracións públicas e se regula a remisión de información polo Banco de España e as entidades financeiras ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, modifícase da seguinte maneira.

Un. O artigo 1 queda redactado como segue:

«Artigo 1. *Creación da central de información económico-financeira das administracións públicas.*

1. Créase a central de información económico-financeira das administracións públicas, á cal se refire o artigo 28 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, a través da cal se proverá con carácter público a información sobre a actividade económico-financeira das distintas administracións públicas no portal web do Ministerio de Facenda.

2. A xestión da central de información económico-financeira das administracións públicas será competencia do órgano adscrito ao Ministerio de Facenda que se estableza no seu real decreto de estrutura orgánica.

3. En aplicación do principio de eficiencia, conforme o artigo 7 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, a información económico-financeira que deba ser pública, porque así o prevexa a normativa económico-financeira que resulte aplicable, será obxecto de publicación na central de información económico-financeira das administracións públicas. Todo isto sen prexuízo da difusión institucional que poida corresponder a cada órgano, organismo ou entidade.

4. A publicación de información a través da central de información económico-financeira das administracións públicas farase respectando o principio de transparencia a que se refiren os artigos 6 e 27 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, identificando a fonte que elaborou os datos.»

Dous. O artigo 2 queda redactado como segue:

«Artigo 2. *Funcións.*

1. O órgano competente para xestionar a central de información económico-financeira das administracións públicas terá as seguintes funcións:

a) Prover publicamente a información sobre a actividade económico-financeira das distintas administracións públicas en cumprimento do previsto na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, na súa normativa de desenvolvemento, na normativa

da Unión Europea e no resto da normativa económico-financeira que resulte aplicable.

b) Establecer criterios homoxéneos de subministración e publicación da información procedente dos suxeitos comprendidos no artigo 5 e aplicar un sistema de gobernanza que permita a xestión e o mantemento permanentemente actualizado e completo dos contidos que se proporcionen desde a central, para o cal poderá acceder á información que resulte necesaria.

c) A captación de datos e estruturación da información sobre a actividade económico-financeira sen modificación do seu contido, procedente dos suxeitos establecidos no artigo 5 sobre a actividade económico-financeira, para os efectos da súa publicación a través do portal web do Ministerio de Facenda.

d) Coordinar a subministración da información económico-financeira das diferentes administracións públicas que se deba publicar a través da central, procedente dos suxeitos previstos no artigo 5.

e) Coordinar, facer seguimento e publicar o calendario mensual de publicación de datos, indicando os centros directivos responsables que os elaboran, de conformidade co previsto na normativa económico-financeira que resulte de aplicación, respectando os prazos nos procesos da súa elaboración.

2. Cando a información obxecto de publicación pola central de información económico-financeira das administracións públicas se refira ás estatísticas incorporadas ao programa estatístico europeo, o exercicio das funcións recollidas no punto anterior farase respectando en todo caso as obrigas que lles corresponde exercer ás autoridades designadas para cada estatística europea, de acordo coas previsións e principios recollidos no Regulamento (CE) n.º 223/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de marzo de 2009, relativo á estatística europea, entre eles o principio de imparcialidade recollido no artigo 18.1, e o Código de boas prácticas das estatísticas europeas aprobado no seu desenvolvemento. A publicación desta información na central de información económico-financeira das administracións públicas farase sen prexuízo da que, de maneira simultánea, poida realizar a autoridade estatística correspondente, de acordo cos principios de independencia profesional, imparcialidade, obxectividade, fiabilidade, segredo estatístico e o resto dos previstos no marco común do Sistema estatístico europeo.»

Tres. O artigo 3 queda redactado como segue:

«Artigo 3. *Información que se publicará a través da central de información económico-financeira das administracións públicas.*

1. Publicarase na central de información económico-financeira das administracións públicas a información que, de acordo coa súa normativa reguladora, deba ser pública, atendendo aos termos e á periodicidade previstos na dita normativa. Entre esta información estará a seguinte:

a) A información que se debe publicar de conformidade coa Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril; coa Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, e co resto da normativa de desenvolvemento da mencionada lei orgánica.

b) As previsións utilizadas para a planificación orzamentaria, así como a metodoloxía, os supostos e os parámetros en que se baseen, de conformidade co disposto no artigo 6.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.

c) A información relativa aos ingresos de todas as administracións públicas e os datos de execución orzamentaria, incluídos os datos que teñan carácter público relativos ás pensións do réxime de clases pasivas do Estado.

d) Información relativa á participación das entidades locais nos tributos do Estado.

e) Información relativa ao endebedamento do Estado, das comunidades autónomas e das corporacións locais.

f) Información relativa ao período medio de pagamento das administracións públicas.

g) Información sobre o custo efectivo dos servizos das entidades locais.

h) A información do Inventario de entes do sector público estatal, autonómico e local previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, publicada no portal da internet da Intervención Xeral da Administración do Estado estará dispoñible para calquera usuario a través da central de información económico-financeira das administracións públicas.

i) Información orzamentaria e económico-financeira das administracións públicas. Elaborada pola Oficina de Contabilidade Nacional, a dita información será remitida pola mencionada oficina á central de información económico-financeira das administracións públicas, de acordo co previsto no artigo 6, para que a central publique a dita información, sen prexuízo de que esta, e de maneira simultánea, poida ser publicada pola Oficina Nacional de Contabilidade en cumprimento das previsións do Código de boas prácticas das estatísticas europeas, aprobado en cumprimento do Regulamento CE n.º 223/2009, do Parlamento Europeo e do Consello.

j) As previsións macroeconómicas e orzamentarias dos orzamentos xerais do Estado, do Programa de estabilidade e do Plan orzamentario, así como as metodoloxías utilizadas para a súa elaboración, os supostos e parámetros que as sosteñen e a súa avaliación *ex post*, de acordo co previsto no Real decreto 337/2018, do 25 de maio, sobre os requisitos aplicables ás previsións macroeconómicas e orzamentarias.

k) A información relativa aos fondos europeos concedidos polas diferentes administracións públicas e as súas entidades ou organismos dependentes ou vinculados.

l) A información relativa a pensións e afiliacións á Seguridade Social procedente do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social.

m) Os informes preceptivos emitidos pola Oficina Nacional de Avaliación, así como o informe da Administración xeral do Estado no caso de que se apartase das recomendacións contidas no primeiro, de acordo co previsto no artigo 333 de Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

n) O resto de información económico-financeira relativa a calquera das administracións públicas, as súas entidades ou organismos vinculados ou dependentes.

2. Cando se produza a modificación, corrección ou actualización da información xa subministrada á central de información económico-financeira das administracións públicas, os centros responsables da dita modificación, corrección ou actualización deberán remitir esta información á central, de forma inmediata e mediante os procedementos previstos no artigo 6, para os efectos de manter actualizada a información alí publicada.»

Catro. O artigo 5 queda redactado como segue:

«Artigo 5. *Suxeitos obrigados á subministración da información.*

1. Están obrigados á subministración da información ao responsable da central de información económico-financeira das administracións públicas, a través da propia central:

a) Os centros directivos do Ministerio de Facenda responsables da información, así como as súas entidades ou organismos dependentes ou vinculados.

b) Os centros directivos do resto de departamentos ministeriais en que se estrutura a Administración xeral do Estado, así como as súas entidades ou organismos dependentes ou vinculados.

2. Os suxeitos a que se refire o punto anterior estarán obrigados a proporcionar, de oficio, á central de información económico-financeira das administracións públicas, con carácter periódico e individual, os datos e a información necesaria a que se refire o artigo 3 deste real decreto, de forma que estea permanentemente actualizada. Así mesmo, deberán atender os requirimentos de información que para estes efectos lles formule o responsable da mencionada central.

3. O cumprimento da obriga de subministración de información á central de información económico-financeira das administracións públicas non exime os suxeitos mencionados no punto primeiro deste artigo das súas obrigas e responsabilidade respecto ao contido da información subministrada, o seu arquivamento e custodia.»

Cinco. O artigo 6 queda redactado como segue:

«Artigo 6. *Periodicidade e medios de subministración da información.*

1. O cumprimento das obrigas de subministración de información a que se refire o capítulo I deste real decreto efectuarase por medios electrónicos a través do sistema que o Ministerio de Facenda habilite para o efecto. Naqueles casos en que o Ministerio de Facenda o considere necesario, efectuarase mediante sinatura electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido dos regulados na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.

2. A dispoñibilidade, o envío e a captura da información prevista no capítulo I deste real decreto realizaranse a través de modelos normalizados ou sistemas de carga masiva de datos habilitados para o efecto, de acordo coas especificacións que estableza a central de información económico-financeira das administracións públicas.

3. A información prevista no capítulo I deste real decreto subministrarse ao responsable da central de información económico-financeira das administracións públicas, polo menos dous días hábiles antes da data prevista para a súa publicación e cunha periodicidade mensual, trimestral, semestral ou anual ou outra, segundo corresponda, de conformidade co establecido na normativa económico-financeira que resulte aplicable de acordo coa natureza da información.»

Seis. O artigo 9 queda redactado como segue:

«Artigo 9. *Conservación dos datos.*

1. O responsable da central de información económico-financeira das administracións públicas asumirá o arquivamento e a custodia da información que consta na mencionada central de información.

2. Os datos e información publicados a través da central de información económico-financeira das administracións públicas conservaranse, polo menos, durante dez anos contados desde a data a que se refiran. Non obstante, poderanse conservar indefinidamente aqueles datos e información cun fin histórico, estatístico ou científico.»

Sete. Engádesse unha nova disposición derradeira segunda e a actual disposición derradeira segunda pasa a ser a disposición derradeira terceira.

«Disposición derradeira segunda. *Instrucións no ámbito do Ministerio de Facenda.*

Sen prexuízo do establecido na disposición derradeira primeira, autorízase a persoa titular da Subsecretaría de Facenda para ditar instrucións sobre os medios

técnicos, formatos electrónicos e procedementos de transmisión da información á central de información económico-financeira das administracións públicas que os centros directivos do Ministerio de Facenda responsables da dita información, así como as súas entidades ou organismos dependentes ou vinculados, deben cumprir para faceren efectivas as súas obrigas de subministración de información segundo o disposto neste real decreto.»

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao disposto neste real decreto.

**Disposición derradeira primeira.** *Referencias normativas.*

As referencias feitas ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas no Real decreto 636/2014, do 25 de xullo, entenderanse feitas ao Ministerio de Facenda.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de decembro de 2019.

FELIPE R.

A ministra de Facenda,  
MARÍA JESÚS MONTERO CUADRADO